



Foto: José Ramón Ramos, de Gandeiría Ramos SC (A Estrada)



A nova PAC, en proceso: coñecemos a postura de cada comunidade autónoma

Iniciado xa en xaneiro o período transitorio entre a Política Agraria Común e a futura PAC 2021-2027, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación negocia cos gobernos das comunidades autónomas as liñas que rexerán a súa aplicación a partir de 2023. Neste especial coñecemos as inxerencias que defenderán os conselleiros de Galicia, Castela e León, Cataluña, Asturias, Cantabria e País Vasco para as súas rexións e, en especial, para o sector vacún leiteiro.

O ano 2020 cerrábase coa aprobación do regulamento que lle daba continuidade á Política Agraria Común (PAC) en 2021 e 2022, unha norma que garantía con total seguridade xurídica o pago das axudas directas percibidas polos agricultores ata a aprobación definitiva da reforma desta política e do Plan Estratéxico Nacional da PAC, que entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2023.

Antes de chegar a esta data, o seguinte paso a dar, segundo o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) e os gobernos das comunidades autónomas, é a ne-

gociación do citado Plan Estratéxico para poder presentalo ante a Comisión Europea a finais deste ano, na cal cada rexión defenderá os intereses dos seus sistemas produtivos ata chegar a un grande acordo común.

Coñecer a postura de cada autonomía en todo este proceso é o obxectivo da seguinte serie de entrevistas aos conselleiros do ámbito en seis rexións de España, entre as cales suman o 80 % da produción láctea do país: Galicia, Castela e León, Cataluña, Asturias, Cantabria e País Vasco.

Descríronnos os modelos produtivos que defenderán nesta negociación, as novidades que prevén,

como a definición dos ecoesquemas ou da figura de agricultor xenuíno, e as esixencias principais en relación coa sostibilidade ambiental, o benestar animal, o traspaso xeracional ou a dixitalización.

Entre todo o abordado, a gran maioría concorda á hora de non perder capacidade de decisión para axeitarse ás necesidades específicas que definen os seus territorios, de defender os modelos de explotación familiar máis comúns no sector leiteiro e de denunciar a inminente perda de financiamento nun 2 % para cada un destes dous anos de transición e o efecto negativo ao que pode levar unha converxencia brusca –xa anunciada polo MAPA– das axudas de pago básico, cando aínda está en proceso o Plan Estratéxico e nin se quera se coñece cantas rexións agrarias quedarán definidas en España.

Ao final de cada entrevista, abordamos tamén con cada un deles cal é a súa posición respecto ao borrador do real decreto para a nutrición sostible dos solos agrarios, presentado polo MAPA no pasado mes de setembro, e que medidas seguirán tomando ao respecto tendo en conta os requisitos da futura PAC en materia de sostibilidade ambiental e o reto que segue supoñendo para todo o sector gandeiro.

JOSÉ GONZÁLEZ

Conseleiro do Medio Rural da Xunta de Galicia



► “LAMENTAMOS QUE OS ECOESQUEMAS PROPOSTOS POLO MINISTERIO ABORDEN REALIDADES PRODUCTIVAS CARACTERÍSTICAS, PRINCIPALMENTE, DO CENTRO E SUR PENINSULARES”

Cales son os pasos máis inmediatos que contan dar neste período transitorio cara á nova PAC?

Neste proceso podemos falar de dúas etapas diferenciadas. Por unha parte, o período de transición que acaba de comezar o 1 de xaneiro permítelles aos Estados membros dispor de fondos para dar continuidade ás axudas, tanto do primeiro piar durante os anos 2021 e 2022 como as do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia (2.º piar). Pola outra, estamos traballando co MAPA e coas outras comunidades autónomas na preparación do Plan Estratégico da PAC que se aplicará no período 2023-2027. O obxectivo do MAPA e das comunidades autónomas é ter un primeiro borrador do Plan Estratégico neste verán e dar os pasos necesarios para a súa presentación ante a Comisión Europea a finais de 2021 ou principios de 2022.

Este ano o Ministerio e as CC. AA. deberán asentar as bases do Plan Estratégico da PAC no que todas as administracións valoren os intereses de cada territorio e se poida chegar a un grande acordo. Cales serán os piares que defenderá para o sector lácteo galego?

As comunidades da cornixa cantábrica fixemos unha fronte común para defender os intereses dos nosos agricultores e gandeiros. É evi-

dente que temos un modelo de explotación profesional, de pequeno e mediano tamaño, pero eminentemente familiar, que require unha atención específica dentro da futura PAC. Ademais, a orientación produtiva do noso rural ten que ver sobre todo con sectores gandeiros como o lácteo, algo que marca diferenzas con outras zonas do Estado. Por iso, as catro comunidades cantábricas (Asturias, Cantabria, País Vasco e Galicia) defendemos que o Plan Estratégico Nacional da PAC apoie e recoñeza ese modelo de explotación familiar agraria sostible propia do norte de España.

Fálase dunha PAC máis “verde”, de ecoesquemas... En que consistirá esta nova liña de financiamento?

Os ecoesquemas son unha nova liña de axudas deseñadas pola UE para primar a sostibilidade ambiental. Nós, xunto ás comunidades do Cantábrico, apoiamos que se destine a estas axudas o 20 % do montante dispoñible para pagos directos. Con todo, lamentamos que os ecoesquemas propostos polo Ministerio aborden problemáticas e realidades produtivas características, principalmente, do centro e sur peninsulares, quedando a España húmida moito máis desatendida. Por iso demandamos, entre outras cousas, un cambio nas propostas do Ministerio e que se

engadan outros ecoesquemas adicionais, para atender a nosa realidade. Ademais, queremos que se introduzan, de modo transversal, melloras como a de aplicar un complemento vinculado á prevención de incendios ou a de incorporar unha modulación da axuda por estratos de tamaño.

Camiñar cara a sistemas máis sostibles de produción e ter dispoñibilidade de base territorial son dous temas que lle preocupan ao gandeiro para cumprir coas esixencias da PAC. Cales serán as claves da anunciada lei de recuperación da terra agraria?

Dous dos grandes obxectivos desta futura norma pasan, precisamente, por poñer a producir as terras agora abandonadas e infrautilizadas e por achegar base territorial suficiente a aquelas explotacións existentes que a precisan. Ademais, promove a continuidade das explotacións e a boa xestión das terras que as conforman. Todo isto fará posible anticiparse aos incendios forestais, traballar pola recuperación demográfica e polo asentamento no rural e mellorar a calidade de vida da poboación. A maiores, a lei achegará un beneficio económico para o propietario das terras, mentres aquelas persoas que as queiran traballar contarán coa superficie suficiente para unha actividade económica rendible, sempre mantendo a titularidade dos predios.

En definitiva, a futura norma marcará un antes e un despois no noso rural, algo equiparable a unha verdadeira “reforma agraria” moderna e ambiciosa. Teño moitas esperanzas depositadas nela. ►►

► “DEBEMOS POÑER EN VALOR O PAPEL RELEVANTE QUE TEÑEN OS AGRICULTORES E GANDEIROS NA PRODUCCIÓN SOSTIBLE DE ALIMENTOS SANS E SEGUROS”

Tamén está por precisar a definición de agricultor xenuíno. Axudará esta figura a fomentar que a superficie agraria se dedique realmente á produción de alimentos e que esta actividade xere empregos e fixe poboación no rural?

Esta figura é clave na futura PAC e debe contribuír a conseguir eses obxectivos. En relación coa súa definición, por parte de Galicia e das comunidades do Cantábrico avógase por establecer unha porcentaxe mínima, que se propón do 30 %, dos ingresos agrarios sobre os totais, excepto para os afiliados á Seguridade Social como traballadores por conta propia no sector agrario, para non prexudicar os pequenos agricultores. Advírtese, ademais, como inadecuada a proposta do MAPA de incluír a aquelas persoas que perciben menos dun certo volume de axudas directas, con independencia dese peso dos ingresos na súa renda. Isto, para nós, “desnaturaliza” a propia definición de agricultor xenuíno.

A futura PAC incluírá requisitos de benestar animal. Pode adiantar como serán esas esixencias?

Isto encáixase nun dos seus obxectivos específicos, dirixido a mellorar a resposta dos produtores da Unión Europea ante as esixencias sociais nesta materia. Resulta evidente a importancia que os consumidores europeos lle conceden ao mantemento dos animais de produción nun excelente estado de benestar, de tal maneira que consideran que é un deber ineludible das persoas gandeiras. Neste sentido, aínda que a normativa en materia de benestar animal permitiu que os diferentes sectores mellorasen a súa adaptación ás esixencias do consumidor de garantir o benestar dos animais que se dedican á produción de alimentos, detéctanse algunhas insuficiencias, nalgúns casos no cumprimento dos requisitos mínimos das ganderías e noutros na transmisión veraz da información do cumprimento dos parámetros de benestar aos consumidores.

A nova PAC pretende contribuír á mellora do benestar animal nas explotacións, fortalecendo a formación dos produtores e a súa adaptación final a estas esixencias dos consumidores.

Outro dos grandes bloques da PAC é a dixitalización. Como beneficiará esta parte especialmente os gandeiros de vacún de leite?

Efectivamente, a dixitalización do sector agrario é un dos obxectivos fundamentais da nova PAC, que ten carácter transversal. A súa posta en marcha no vacún de leite permitirá profundar no resto dos obxectivos marcados na PAC para este e o resto de subsectores agrarios, e que podemos resumir nunha sostibilidade integral (ambiental, económica, social, alimentaria e de desenvolvemento rural). A dixitalización permítelle ao gandeiro sacar conclusións que o leven a reducir o desperdicio de materias primas, a coñecer os custos exactos da alimentación e a valorar os recursos propios da explotación.

Finalmente, quero indicar que esta dixitalización tamén atinxe á nosa Consellería. Así, o Fogga está implementando diferentes ferramentas electrónicas para os solicitantes de axudas, como resposta ás novas esixencias que impoñerá a futura PAC. Por exemplo, haberá aplicacións móbiles dentro da plataforma informática SGA de xestión da PAC para facer consultas sobre as solicitudes, manexar fotos xeorreferenciadas, xestionar alegacións ao SIXPAC, informarse sobre os dereitos de pago etc.

Tamén se fala do traspaso xeracional e dun enfoque de xénero. Como abordará estes dous aspectos a nova PAC?

No deseño da futura PAC cobran especial relevancia ambos os aspectos. Por un lado, apóstase por reforzar a posición da muller na xestión das explotacións e, por outro, mantense tamén o impulso polo traspaso xeracional, con incentivos para a mocidade que desexe incorporarse ao

campo. Nós, desde logo, estamos en liña con estes obxectivos.

O pasado 1 de xaneiro iniciouse o prazo de solicitude das axudas para 2021. Neste período transitorio, como terá garantido o gandeiro o proceso de xestión e de cobro? Pode haber algún tipo de cambio na cantidade das axudas?

Neste sentido, lamentamos que o MAPA tome decisións sobre a futura PAC, en cuestións tan relevantes como a repartición das axudas directas, sen contar coas comunidades autónomas. Co real decreto recentemente aprobado polo Consello de Ministros, o Goberno central rompeu as regras sen consultar ás autonomías e sen ter en conta, en particular, as alegacións de Galicia. Nestas alegacións –comunicadas ao Estado en setembro e outubro–, mostrámonos contrarios a que se acelerase a converxencia (a “equiparación” das condicións de cobro das axudas). Agora, neste real decreto, o Goberno central cambia as regras do xogo no período transitorio, e máis cando aínda se descoñece como vai ser a regulación do primeiro piar (axudas directas) no novo período executivo. Consideramos que non ten moito sentido introducir modificacións que afecten a rexións que non sabemos aínda se se van manter.

Por todo isto, solicitámoslle ao ministro que reconsidere a súa postura e que aposte por unha converxencia máis suave, que se inicie unha vez que se aclare o réxime do primeiro piar e unha vez finalizado o período transitorio 2021-2022. Para iso, contará con toda a colaboración da Xunta. Mostramos a nosa preocupación porque as medidas aprobadas polo Ministerio van supoñer, segundo os cálculos técnicos preliminares realizados pola Xunta, que os gandeiros e agricultores galegos perdan ao redor de 1,35 millóns de euros, é dicir, case un 2 % do que hoxe reciben como pago básico anual.

Afectarán o *brexit* e a pandemia provocada pola COVID-19 na repartición de fondos europeos e poderase ver a PAC alterada?

Espero que o *brexit* non teña unhas consecuencias moi negativas nas políticas europeas para o campo. Neste sentido, debemos poñer en valor o papel relevante que teñen os agricultores e gandeiros na produción sostible de alimentos sans e seguros, de primeira necesidade nalgúns casos, para o conxunto da poboación europea. Por tanto, o esforzo orzamentario ten que ser acorde ao esforzo que se fai desde o sector primario. O mesmo podería aplicarse á pandemia.

Unha reflexión para rematar. O sector produtor, gandeiro e agrario, demostrou neste último ano a súa relevancia para o país e abastecer a sociedade de alimentos nos momentos máis difíciles, mesmo cando todos puidemos recoñecer a dependencia exterior que temos para outro tipo de necesidades. Non cre que á hora de legislar este tipo de asuntos tan importantes para os gandeiros e agricultores, como a PAC ou o decreto dos xurros, entre outros, seguen sen consultarlles directamente as súas demandas?

Evidentemente, temos que escoitar e consultar os agricultores e gandeiros á hora de planificar políticas que lles afectan directamente. Eu teño que dicir que, no que a nós corresponde, estamos a facelo. Así, por exemplo, na definición da Estratexia de dinamización do sector lácteo, ademais de contar con todos os axentes da cadea de valor, levamos a cabo unha ampla enquisa entre os gandeiros, para escoitar as súas opinións e inquietudes. Mantemos –e seguiremos mantendo– unha interlocución fluída e constante con todos eles, porque estamos convencidos de que son os verdadeiros protagonistas do desenvolvemento do noso rural. ▶▶

SOBRE A XESTIÓN DE XURROS

“As emisións de gases de efecto invernadoiro atribuídas ao sector vacún están sobrevaloradas”

A sostibilidade ambiental é un dos grandes retos que se marca na nova PAC e neste apartado xoga un papel importante a xestión das dexeccións gandeiras. Que alegacións á norma se presentaron e cando contan que se aprobe definitivamente o decreto estatal sobre nutrición dos solos agrarios?

Desde o primeiro momento mostramos a nosa preocupación porque a proposta do Ministerio non ten en conta as particularidades de Galicia e das nosas explotacións, que poderían sufrir un prexuízo moi superior ao beneficio ambiental que se pretende. Por iso presentamos ata 22 alegacións ao texto, unhas achegas que, en liñas xerais, buscan flexibilizar as esixencias desta norma ás pequenas explotacións, tendo en conta diferentes factores. Entre eles, os condicionantes naturais de Galicia, tales como a orografía accidentada, a climatoloxía atlántica ou a existencia de numerosas canles fluviais. Tamén, tendo en conta a escasa base territorial da maioría das nosas explotacións, formada ademais por moitas parcelas de pequeno tamaño e a especialización do noso sector agrario na produción leiteira.

A maiores, nese sentido quero lembrar que Galicia xa está a traballar nun proxecto de economía circular, que inclúe a xestión dos xurros excedentes das explotacións. Considero que este tipo de actuacións teñen que ser apoiadas por todas as administracións. Neste mesmo contexto, a nosa Estratexia de dinamización do sector lácteo incorpora tamén unha serie de medidas para impulsar accións de economía circular nas explotacións e máis concretamente para abordar a xestión e o correcto tratamento dos xurros.

Por suposto, é preciso trasladar tamén que estamos a elaborar unha lei galega para a xestión integral das dexeccións gandeiras, co obxectivo de ordenar a súa produción, recollida, transporte e almacenamento. Así mesmo, trátase de establecer un sistema integral de xestión que garanta a trazabilidade ata o seu tratamento final, co fin de previr problemas ambientais que poidan derivarse dunha xestión inadecuada en zonas de elevada carga gandeira.

Máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Seguirán apostando polas prórrogas?

O sistema de canón xa está prohibido en Galicia para os beneficiarios da PAC desde 2018 e propomos unha aplicación gradual da prohibición de aplicar produtos mediante sistema de prato ou abano. Deberíase comezar polas explotacións de maior tamaño, que son as que máis volume de fertilizante xeran e, en consecuencia, contaminan máis, e acabar a adaptación coas pequenas, que disporían dun prazo de dous anos para facelo. Tamén debería terse en conta unha gradación segundo o tipo de

explotacións (e por tanto, de residuos), empezando a aplicarse ás de porcino e finalizando polas de vacún. Ademais, debe terse en conta que os axentes do noso sector primario son os primeiros interesados nese modelo sostible e así o veñen demostrando xa coas súas prácticas produtivas.

Non cre necesarias outro tipo de medidas para que o sector se adapte o antes posible aos sistemas que se esixirán nun futuro próximo?

Por suposto, fai falta axudar aos agricultores e gandeiros a adaptarse. Nas nosas alegacións ao MAPA recollimos que o Estado debe garantir liñas de axudas aos investimentos que terán que afrontar para cumprir a norma, unhas achegas que permitan a súa viabilidade económica. Teñen que articularse medidas neste sentido, sen dúbida; pero, insisto, reclamamos que se teñan en conta as especiais condicións de Galicia para aplicar a normativa. Ademais, non somos o único territorio que o reclama.

Que opina de que esta normativa sexa unha lei única para todo o territorio nacional e non logre ter en conta as condicións orográficas ou meteorolóxicas de cada rexión?

En primeiro lugar, nós dicimos que este non é o mellor momento para aprobar unha norma destas características. Desde logo, non así. É preciso ter en conta as particularidades de Galicia e facilitar unha adaptación ás esixencias ambientais que veñen de Europa. Ademais, non é o momento adecuado porque, entre outras razóns, estamos nunha situación de certa indefinición da futura PAC e aínda non están validados os ecosistemas propostos por Galicia, que deben servir de base para as pretensións do real decreto ministerial.

Nesa liña van tamén as nosas alegacións. Nelas, poñemos de manifesto, precisamente, a necesidade de ter en conta as características de cada tipo de gandería, así como as particularidades de cada comunidade autónoma.

Consideramos que as consecuencias do uso de fertilizantes orgánicos ou minerais son diferentes segundo diversos territorios, polo que non se debe establecer unha norma xeral que non teña en conta esas especificidades.

Tampouco diferencia entre os tipos de gandería intensiva e non se pode comparar a realidade do vacún leiteiro, con superficie agraria dispoñible para a aplicación dos xurros como fertilizantes, coa realidade doutro tipo de ganderías intensivas que non practican ningún tipo de agricultura. Como defenderá esta disxuntiva?

Efectivamente, nas nosas alegacións explicamos que as emisións de gases de efecto invernadoiro atribuídas ao sector vacún están sobrevaloradas. O real decreto parte de datos incorrectos para calcular estas emisións do sector de vacún de leite, xa que non aparece información sobre o tempo que pasan as vacas e a recría de leite en pastoreo. O pastoreo é unha das mellores técnicas para reducir as emisións de amoníaco. Estimamos que as emisións son aproximadamente un 30 % inferiores ás publicadas polo Ministerio para o vacún de leite.

ALIMENTACIÓN E MUXIDO CON LELY HORIZON

O *software* de manexo dos robots Lely chámase actualmente T4C e nos próximos meses pasará a ter un novo formato baixo o nome de HORIZON. Porén, os principios de Lely vanse conservar. A continuación abordamos os principais axustes de muxido e alimentación sobre o novo HORIZON.


Inicialmente debemos aclarar que dentro do programa existen grupos pre-configurados (primíparas, múltiparas, xovencas e vacas secas) e que todos se

engloban dentro do denominado 'Grupo principal', co cal, tanto as táboas de muxido como as de alimentación deben completarse sempre para o denomina-

do 'Grupo principal', pola simple razón de que ao cambiar vacas de grupo, se non existe táboa específica, asignaráselle a xeral.

T4C → Lely Horizon

Novo *software* e nova aplicación!



AXUSTES DE ALIMENTACIÓN

O nutricionista pode variar a cantidade de concentrado ao longo da lactación das vacas, pois dispón dunha táboa que pode programar por DEL e,

no punto que o desexe, pode realizar o salto (marcando un tic na caixiña 'Táboa por produción') a unha táboa configurable pola produción do animal (ver figura 1).

Neste caso Lely fai recomendacións moi xerais, co cal, 'que cada mestriño aplique o seu libriño', considerando o manexo da alimentación no prebebe (figura 1).




Figura 1. Exemplo do novo formato da táboa de alimentación no Lely HORIZON

A TEORÍA INDÍCANOS UNHA SUBMINISTRACIÓN DO 40 % DE CONCENTRADO NO ROBOT E UN 60 % NO PRESEBE

En canto á fórmula do presebe, que será unha ración parcial mesturada (PMR), as recomendacións son:

- Para unha granxa de máis de 40 kg de leite, formular para -10 kg (cubrir 30 kg en presebe).
- Para unha granxa de menos de 40 kg de media, cubrir para a produción media -7 kg en presebe.

Ollo coa sobrealimentación no robot. A vaca entende que é unha recompensa? A teoría indícanos unha subministración do 40 % de concentrado no robot e un 60 % no presebe, pero todo variará en función das materias primas que se empreguen e do equilibrio que se manteña nos compoñentes nutricionais entre presebe e robot. No campo observamos todo tipo de estratexias con respecto a isto; non obstante, débese ter en conta que os pensos do robot sexan moi palatables, que a granulación sexa fina pero compacta (que non faga finos para que a vaca non se asuste co po que se poida xerar ao respirar no comedero), poden levar aromas (aínda que ás veces se xeran rexeitamentos ao cambiar de penso) e non se recomenda incluír correctores.

O consumo por visita e o intervalo entre visitas inflúen no pH do rume; polo tanto, garantir unha fibra efectiva no presebe é

fundamental. Dentro das táboas pódese regular noutro apartado, denominado 'Tipo de alimento', a cantidade por visita e a súa velocidade de descarga. O máximo por visita non debería superar en ningún caso os tres quilos para evitar picos de acidose. Tamén se pode seleccionar a velocidade de descarga do concentrado entre 300 e 900 g/minuto, así como a velocidade de alimentación todo o tempo de muxido. Outra opción é o aumento e a diminución máximos por día, no caso de que un animal enferme e diminúa a súa produción ou produza rapidamente máis leite en poucos días, estes corríxense en función das súas necesidades.

Hai que recordar que os primeiros días da transición se recomenda poñer en fixo a alimentación dos animais ata que o sistema aprenda a predicir o leite que lle espera (sete días aproximadamente). Posteriormente, o nutricionista xa pode introducir datos e activar a táboa de alimentación.




Figura 2. Exemplo do novo formato da táboa de acceso ao muxido no Lely HORIZON

AXUSTES DE MUXIDO

A figura 3 mostra a metodoloxía de axuste do antigo T4C, a mesma que se mantén para o novo formato en HORIZON (figura 2).




Figura 3. Aceso ao muxido no T4C

JESÚS JULIO CARNERO

Conseilleiro de Agricultura, Gandería e Desenvolvemento Rural da Xunta de Castela e León



► “O FINANCIAMENTO DA NOVA PAC EN 2021 E 2022 TEN MENOS DIÑEIRO EN RELACIÓN Á VIXENTE, MAL EMPEZAMOS”

Cales son os pasos máis inmediatos que contan dar neste período transitorio cara á nova PAC?

Por unha banda teremos que xestionar as axudas actuais con eficacia e á vez levar a cabo os traballos de concreción do Plan Estratéxico da nova PAC que se aplicará a partir de 2023.

Por iso, os traballos a desenvolver nos próximos meses serán decisivos de cara ao futuro e, neste sentido, tamén quero destacar que é necesario afrontar que intervencións se van efectuar cos fondos adicionais do instrumento do novo fondo de recuperación e resiliencia, tanto na dotación xeral como na específica para Feader, que é necesario incorporar ao orzamento dos actuais Programas de Desenvolvemento Rural.

Recentemente aprobouse o real decreto de transición para os anos 2021 e 2022 e quero resaltar dous aspectos significativos: un, a falta de converxencia progresiva en todo o período no que se podía materializar –ata 2026–, dado que o Goberno de España optou por unha converxencia brusca nos anos 2021 e 2022. Ao meu xuízo, a nova PAC é suficientemente nova e rupturista por si mesma, polo que optar pola prudencia e a aterraxe suave dos diferentes criterios sería a mellor opción de éxito na súa implantación; dous, no real decreto atopámonos con algo que non queríamos e que xa sospei-

tamos: o financiamento da nova PAC ten menos diñeiro en relación á vixente, case un 2 % en 2021 e un 2 % en 2022 para todos os agricultores e gandeiros españois, iso xa no período transitorio, mal empezamos.

Este ano o Ministerio e as CC. AA. deberán asentarse as bases do Plan Estratéxico da PAC no que todas as administracións valoren os intereses de cada territorio e se poida chegar a un grande acordo. Cales serán os piares que defenderá para o sector lácteo de Castela e León?

O Plan Estratéxico da PAC será o documento de gobernanza da nova PAC no período inicial 2023-2027. No devandito documento integraranse tanto as intervencións do primeiro piar (axudas directas), como as de desenvolvemento rural.

O sector lácteo é un sector que se caracteriza por ser un modelo de produción intensivo, moi profesional e cunha forte presenza de explotacións de tipo asociativo. Con estas características, defenderemos sen dúbida que sexa considerado dentro das axudas asociadas como na actualidade e que se teñan en conta as particularidades do modelo asociativo á hora de definir o tamaño de explotación, tanto para esta axuda como para a aplicación do límite máximo da axuda básica (*capping*). Así mesmo, incluiremos intervencións no

ámbito de desenvolvemento rural vinculadas á eficiencia enerxética e á modernización de explotacións.

Fálase dunha PAC máis “verde”, de ecoesquemas... En que consistirá esta nova liña de financiamento?

Os ecoesquemas quizais sexan a intervención máis innovadora incluída na proposta de regulamento da futura PAC, que establece que os Estados membros deben establecer obrigatoriamente unha lista de ecoesquemas nos seus plans estratéxicos. Con todo, é un réxime voluntario, é dicir, os agricultores e gandeiros terán a posibilidade de elixir se se comprometen a cumprir as prácticas agrícolas e gandeiras beneficiosas para o clima e o medio ambiente que esixe un ecoesquema concreto e como contrapartida recibirán unha axuda anual. En definitiva, son intervencións para contribuír a alcanzar os obxectivos específicos de carácter ambiental recollidos na proposta de regulamento e que teñen relación coa preservación dos recursos naturais, a biodiversidade e o cambio climático e, á fin e ao cabo, cos compromisos do Pacto Verde Europeo.

Camiñar cara a sistemas máis sostibles de produción require ter dispoñibilidade de base territorial, temas que lle preocupan ao gandeiro para cumprir coas esixencias da PAC. Que políticas están levando a cabo en Castela e León para darlle solución a esta problemática?

Desde reformas anteriores practicamente a totalidade das intervencións da PAC que se destinan ao sector agrario están baseadas nun modelo de pago por hectárea e iso, en ocasións, presenta dificultades ao existir sectores gandeiros que non dispoñen ou teñen dificultades de atopar base territorial ou ao non corresponderse cun modelo produtivo máis intensivo, como pode ser o caso do vacún de leite.

En Castela e León, e en xeral en España, é unha das necesidades identificadas: facilitar o acceso á terra, especialmente aos mozos que se incorporan ou aos novos agricultores. Por iso, implementamos actuacións como a posta a disposición dos concellos das masas sobrantas de concentración para a súa adxudicación preferente a novos agricultores, o acceso ao crédito para adquisición

de terras a través do Instrumento Financeiro e, de cara a un futuro, cremos necesario incorporar no ámbito das intervencións territoriais unha medida de apoio á transmisión de explotacións por parte dos agricultores de idade avanzada cara a novos agricultores que estean interesados en iniciar a actividade agraria ou ampliar a súa explotación.

Tamén está por precisar a definición de agricultor xenuíno. Axudará esta figura a fomentar que a superficie agraria se dedique realmente á produción de alimentos e que esta actividade xere empregos e fixe poboación no rural?

Se analizamos a evolución dos perceptores da PAC nos últimos anos, pódese observar que existe un descenso significativo do número de perceptores desde 2015 –con máis de 900.000 perceptores en España– ata 2020 –con preto de 650.000–, pero que esta redución non supuxo a

diminución da superficie cultivada, o que quere dicir que é un cambio que xa se vén producindo. Incorporar o concepto de agricultor activo é unha das razóns de que isto suceda.

Agora, para a reforma post 2020, introdúcese o concepto de agricultor xenuíno, unha definición importante e de gran transcendencia. Identificamos esta figura con aqueles que realizan a actividade agraria real, na que se asumen riscos de carácter empresarial. Por iso, consideramos que para a definición de agricultor xenuíno sería adecuado utilizar o criterio da ratio de ingresos agrarios respecto de ingresos da totalidade das súas actividades económicas ao redor dun 25 %, como un criterio excluínente. Este concepto e outras cuestións débennos levar a un modelo de futuro do sector que siga desempeñando o principal obxectivo da PAC, que é garantir a subministración de alimentos de forma sostible, contribuíndo a manter vivo o tecido económico do medio rural. ▶▶

▶ “DEFENDEREMOS QUE SE TEÑAN EN CONTA AS PARTICULARIDADES DO MODELO ASOCIATIVO DO SECTOR LÁCTEO Á HORA DE DEFINIR O TAMAÑO DA EXPLOTACIÓN”



Expertos en Silaje

- Tenemos programas de mejora de maíz **específicos para silo.**
- **Somos la empresa número 1** en ventas de maíz para silo en Europa*.

*AMIS Kleffmann 2020.

www.kws.es

SEMBRANDO
EL FUTURO
DESDE 1856



A futura PAC incluíra requisitos de benestar animal. Pode adiantar como serán estas esixencias?

Unha das recomendacións da Comisión sobre o contido dos plans estratéxicos é incorporar medidas para seguir coa mellora do benestar animal mediante a promoción e o apoio de mellores prácticas, coñecementos e investimentos. Son moitos os esforzos xa realizados polos gandeiros para mellorar as condicións de produción das explotacións. Na miña opinión, débese ver como un investimento que a curto, medio e longo prazo redonda nun beneficio para o produtor. Trátase, principalmente, de deseñar as explotacións de forma que se permita un mellor aproveitamento dos recursos, o que se traduce ao final nun incremento das producións, tanto en cantidade como en calidade, en definitiva, un maior valor engadido.

Outro dos grandes bloques da PAC é a dixitalización. Como beneficiará esta parte especialmente os gandeiros de vacún de leite?

Temos que ser conscientes de que ao sector agrario se lle piden para a futura PAC esforzos adicionais para xirar cara a un modelo de produción máis sostible. En todo caso, debemos ter en conta que é quizais o único sector económico, que aínda que é emisor de gases de efecto invernadoiro e doutros efectos ambientais, pode contribuír de forma positiva á sostibilidade ambiental e á mitigación do cambio climático con técnicas adecuadas de produción sostible. Para conseguir estes obxectivos ambiciosos será necesario potenciar o coñecemento, a innovación e as novas tecnoloxías, incluída a necesidade de acceso a Internet de banda ancha rápida, a dixitalización e os servizos de asesoramento e intercambio de datos.

Tamén se fala do traspaso xeracional e dun enfoque de xénero. Como abordará estes dous aspectos a nova PAC?

Respecto á substitución xeracional, a Comisión Europea considera que debe converterse nunha prioridade do novo marco político e por iso propuxo, como un dos obxectivos específicos para a nova PAC, atraer e apoiar os novos agricultores e facilitar o desenvolvemento empresarial nas zonas rurais. Compartimos este obxectivo. Só será posible desenvolver un sector agrícola próspero se se produce un auténtico traspaso xeracional.

No que respecta ao enfoque de xénero, o Ministerio fai bandeira do logro, pero en principio simplemente se engadiu no obxectivo específico 8: “Promover o emprego, o crecemento, a igualdade de xénero, a inclusión social e o desenvolvemento local nas zonas rurais, incluíndo a bioeconomía e a silvicultura sostible”. En todo caso, cremos que a Comisión deberá aclarar se a muller poderá recibir axudas diferentes e superiores. Nós estamos a prol da discriminación positiva a favor da muller.

O pasado 1 de xaneiro iniciouse o prazo de solicitude das axudas para 2021. Neste período transitorio, como vai ter garantido o gandeiro o proceso de xestión e de cobro? Pode haber algún tipo de cambio na cantidade das axudas?

Castela e León desenvolveu un sistema de xestión propio para a tramitación da solicitude única das axudas da Política Agraria Común, que inclúe todas as novidades para facilitar a súa presentación e evitar erros ao confeccionala. Este sistema permitiulle á nosa comunidade estar á cabeza de execución dos pagos, efectuando todos os anos pagos de anticipos nos prazos máis breves posibles, de forma que os agricultores reciben anualmente no mesmo ano da solicitude aproximadamente o 95 % do total das súas axudas. O programa está dispoñible no Portal PAC da Xunta de Castela e León.

SOBRE A XESTIÓN DE XURROS

“No caso de que percibamos que o sector xa está preparado non serían necesarias máis prórrogas”

A sostibilidade ambiental é un dos grandes retos que se marca a nova PAC e máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Que alegacións á norma se presentaron e cando contan que se aprrobe definitivamente o decreto estatal sobre nutrición dos solos agrarios?

Desde a Xunta de Castela e León actualmente estanse valorando todas as posibilidades e en que situación se atopa o sector respecto da adquisición de maquinaria que poida afrontar as esixencias do real decreto. No caso de que percibamos que o sector xa está preparado non serían necesarias máis prórrogas.

Afectarán o *brexít* e a pandemia provocada pola COVID-19 na repartición de fondos europeos e poderase ver a PAC alterada?

Esperemos que non. O Goberno ten que poñer todos os esforzos niso, en convencer a Europa de que, aínda que o Reino Unido non siga irmando co resto dos países, non ten por que supoñer un risco para os nosos agricultores e gandeiros. Máis aló de todos os inconvenientes, a clave de todo isto é que se hai pouco non internacionalizabamos e empezamos a internacionalizar as nosas producións agroalimentarias, agora debemos abrir máis ese abano, é dicir, chegamos a unha serie de mercados, pero hai que abarcar moitos máis, porque iso nos vai dar seguridade á hora de levar a cabo a nosa acción exterior. ▶▶



CONSTRUYENDO TU ÉXITO

WITH PREMIUM BRAND

GANADERIA QUEIRUGUEIRA
(Villalba Couciero-A Coruña)



BUILD YOUR SUCCESS WITH PREMIUM BRAND



GANADERIA EL PELAMBRE
(Langre-Cantabria)



SAT A VEREDA
(Pacio-Lugo)

(Liandres Ruiloba- Cantabria)

**GANADERIA
LOS REMEDIOS S.C.**



MURGINDUETA GANADERIA
(Murgindueta -Navarra)



GRANJA MOJANTE SL
(Suesa-Cantabria)



SAT REGUEIRO BRANCO
(Barbeiros-A Coruña)



GANADERIA EL PELAMBRE
(Langre-Cantabria)



SAT LA SARNILLA
(Tezanos-Cantabria)



SAT GANADERIA SANCHEZ
(Xanceda Mesia-A Coruña)



SILVIA CENDAL, AIRA SGG
(Taboada-Lugo)



SENSACIONES SOUFFLET • SIEMBRA SENSACIONES SOUFFLET • SIEMBRA



BUILD YOUR SUCCESS WITH PREMIUM BRAND

Quai Sarraill - BP 12 - 10 402 Nogent-sur-Seine cedex (Francia) • (+34) 639 832 547 (Óscar)

TERESA JORDÀ

Conselleira de Agricultura, Gandería, Pesca e Alimentación da Generalitat de Cataluña



► “DESDE O PRIMEIRO MOMENTO RECLAMAMOS O ESTABLECIMENTO DE PLANS ESTRATÉXICOS TERRITORIAIS PARA ACERCAR AS AXUDAS ÁS NECESIDADES DO SECTOR”

Cales son os pasos máis inmediatos que contan dar neste período transitorio cara á nova PAC?

Neste momento atopámonos con que dispoñemos xa de Marco Financeiro Plurianual para o período 2021-2027, que estamos nunha prórroga da PAC do período 2014-2020 para os anos 2021 e 2022 e á espera de que se chegue a un acordo nas reunións dos trílogos –Parlamento, Consello e Comisión–, para ter a nova PAC aprobada de maneira definitiva.

Nesta situación, os pasos que temos que dar agora consisten en acabar de definir como será a aplicación desta nova PAC. Neste punto quero resaltar que o establecemento do Plan Estratéxico, que teñen que definir os Estados, preocúpanos, porque perdemos capacidade de decisión. Os pasos que estamos a dar van na liña de poder decidir, dentro deste Plan Estratéxico, como podemos establecer a súa aplicación de maneira que se axuste máis ás necesidades do noso sector.

Este ano o Ministerio e as CC. AA. deberán asentir as bases do Plan Estratéxico da PAC no que todas as administracións valoren os intereses de cada territorio e se poida chegar a un grande acordo. Cales serán os piares que defenderá para o sector lácteo catalán?

O mantemento das axudas asociadas ao sector lácteo é un dos elementos que hai que manter de cara á próxima PAC, axudas que teñen que complementar os pagos desconnectados que reciben

as explotacións. É necesario mantelas para poder darlle continuidade a un sector moi importante dentro da nosa gandería e que, pola situación do mercado, está a pasar por momentos complicados.

Fálase dunha PAC máis “verde”, de ecoesquemas... En que consistirá esta nova liña de financiamento?

Os ecoesquemas son unha nova figura que aparece no primeiro pilar, que ten por obxecto profundar nas actuacións a favor do clima e o medio ambiente e o seu establecemento é obrigatorio para os Estados membros. Aplicalos é voluntario para o agricultor ou gandeiro. Nestes intreos estamos en pleno debate sobre cales teñen que ser os ecoesquemas a establecer. Non será fácil porque o sector agrario é moi diverso e establecer axudas a nivel xeral vai ser moi complicado. Por este motivo, desde o primeiro momento reclamamos o establecemento de plans estratéxicos territoriais para achegar as axudas ás necesidades do sector. Seguimos insistindo niso, xa que a proposta de regulamento o permite.

Camiñar cara a sistemas máis sostibles de produción require ter dispoñibilidade de base territorial, temas que lle preocupan ao gandeiro para cumprir coas esixencias da PAC. Que políticas están levando a cabo en Cataluña para darlle solución a esta problemática?

A dispoñibilidade de terras é un problema e estamos a traballar para

recuperar terras abandonadas para o cultivo e reintroducilas ao sector, co fin de que as empresas que necesiten máis terras poidan ter acceso a elas, do mesmo xeito que os mozos que se incorporan á actividade agraria. Poderémolo facer aplicando a Lei 3/2019 dos espazos agrarios, que prevé o establecemento dun rexistro de terras para, a través da mediación da administración, facilitar o alugueiro de terras, que por diferentes razóns se atopan en estado de abandono ou baixa produtividade, recuperándoas para o cultivo.

Tamén está por precisar a definición de agricultor xenuíno. Axudará esta figura a fomentar que a superficie agraria se dedique realmente á produción de alimentos e que esta actividade xere empregos e fixe poboación no rural?

Todos temos moi claro que as axudas teñen que ir ás empresas, físicas ou xurídicas, que teñen como actividade principal a agraria. O obxectivo das axudas do primeiro pilar é axudar á renda destas empresas para asegurar a súa viabilidade e competitividade nun mercado globalizado, pero non hai que esquecer que estas empresas producen alimentos polo que, coas axudas, tamén aseguramos unha capacidade de produción de alimentos moi necesaria, como se viu na situación de pandemia dos últimos meses.

De todos os xeitos, temos que ter presente que a xeración de emprego e a fixación de xente en territorio rural non pode basearse só nas axudas.

► “TEMOS QUE TER PRESENTE QUE A XERACIÓN DE EMPREGO E A FIXACIÓN DE XENTE EN TERRITORIO RURAL NON PODE BASEARSE SÓ NAS AXUDAS”

as explotacións sobre a base de ter máis datos, de poder analizalos e con iso decidir con máis coñecemento o que repercutirá nunha mellora da xestión e os procesos. Isto ha de ter un efecto positivo sobre a competitividade das explotacións, porque lles permitirá tomar mellores decisións.

Tamén se fala do traspaso xeracional e dun enfoque de xénero. Como abordar estes dous aspectos a nova PAC?

Entendo que o traspaso xeracional é unha medida que ten longo percorrido, polo que en xeral seguirá cos mesmos parámetros que ata o de agora. Hai que continuar coa formación, non só agraria, senón tamén económica, para asegurar coñecementos básicos de xestión dunha actividade económica e tamén sobre comercialización e márketing, para ter coñecemento das canles de venda e de como vender. Ademais, hai que seguir facendo acompañamento e seguimento da aplicación do plan de empresa, para resolver dúbidas e consolidar a actividade. Todas estas condicións han de asegurar o éxito da incorporación, non só nos cinco anos de compromiso, senón máis aló destes.

Moitas destas condicións en Cataluña xa as estamos levando a cabo, queremos mantelas e, se podemos, melloralas e amplialas. Para iso, tamén pedimos poder establecer un plan estratéxico propio, para achegar a PAC ás necesidades das nosas empresas agrarias e ao noso sector.

O pasado 1 de xaneiro iniciouse o prazo de solicitude das axudas para 2021. Neste período transitorio, como vai ter garantido o gandeiro o proceso de xestión e de cobro? Pode haber algún tipo de cambio na cantidade das axudas?

O proceso de xestión e cobro está garantido porque para iso estamos a traballar todo o ano. Este é un proceso que non pode fallar e estamos satisfeitos de como se desenvolve cada ano. É certo que pode haber algún cambio na cantidade das axudas, pero isto sempre depende da apli-

cación dos regulamentos que, como xestor do primeiro piar da PAC, decide o MAPA.

Afectarán o *brexit* e a pandemia provocada pola COVID-19 na repartición de fondos europeos e poderase ver a PAC alterada?

A Unión Europea, con bo criterio, está a afrontar a recuperación da situación provocada pola pandemia con fondos de recuperación e resiliencia, independentes da PAC, co cal, por cuestións da pandemia, a PAC non se verá afectada.

É innegable que o *brexit* terá un impacto sobre o orzamento da UE, que, segundo un informe encargado polo Parlamento Europeo, sería de 3.000 millóns de euros anuais. Pero non só o *brexit* afecta o orzamento da PAC, hai outras necesidades ás que a Unión Europea debe facer fronte, á parte da pandemia, e isto fai que o orzamento da PAC se reduza nun 10 % respecto ao período anterior.

Unha reflexión para rematar. O sector produtor, gandeiro e agrario, demostrou neste último ano a súa relevancia para o país e abasteceu a sociedade de alimentos nos momentos máis difíciles, mesmo cando todos puidemos reconecer a dependencia exterior que temos para outro tipo de necesidades. Non cre que á hora de legislar este tipo de asuntos tan importantes para os gandeiros e agricultores, como a PAC ou o decreto dos xurros, entre outros, seguen sen consultarlles directamente as súas demandas?

Nisto debo dicirlle que discrepo. Todas as actuacións que desde o Departamento de Agricultura, Gandería, Pesca e Alimentación levamos a cabo seguiron un proceso escrupuloso de participación e consulta co sector, por vontade propia e porque temos unha normativa que o regula. Outra cousa é que haxa discrepancias nas propostas, pero o que si é un feito é que os temas e as decisións importantes se toman despois dun proceso de concertación co sector. ►►

Fan falta máis cousas, que resumimos en dotar a este territorio dos máximos servizos posibles, como boas comunicacións por estrada, boa conexión a Internet etc., para asegurar unha boa calidade de vida. O obxectivo é ter xente que viva no territorio, e non só da actividade agraria, senón tamén doutras profesións, diversificando a economía e xerando oportunidades dentro e fóra do sector agrario. Isto definirémolo na axenda rural, na que estamos a traballar desde hai uns meses.

A futura PAC incluírá requisitos de benestar animal. Pode adiantar como serán estas esixencias?

A reforma incluírá aspectos relacionados coa condicionalidade reforzada, unha serie de requisitos legais de xestión e boas condicións agrarias e ambientais que todos os agricultores e gandeiros deben cumprir para cobrar axudas da PAC. Neste novo período manteranse os requisitos e intensifícanse algúns deles, facendo a PAC máis sostible e máis “verde” en xeral. Os requisitos sobre benestar animal están incluídos no ámbito da condicionalidade desde hai moitos anos e estarán tamén presentes na nova reforma da mesma maneira que ata o de agora.

Outro dos grandes bloques da PAC é a dixitalización. Como beneficiará esta parte especialmente os gandeiros de vacún de leite?

A dixitalización e o uso das novas tecnoloxías permitirán xestionar mellor

SOBRE A XESTIÓN DE XURROS

“Desde este 21 de febreiro quedan definitivamente prohibidas en Cataluña as aplicacións de xurros con sistemas de prato ou abano”

A sustentabilidade ambiental é un dos grandes retos que se marca a nova PAC e máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Que alegacións á norma se presentaron e cando contan que se aprobe definitivamente o decreto estatal sobre nutrición dos chans agrarios?

Desde Cataluña presentamos moitísimas alegacións ao citado proxecto de real decreto. Unha parte delas referíanse á falta de rigor técnico de diversos dos requisitos do proxecto. Respecto da competencia, se moitas autonomías, como Cataluña, teñen competencia exclusiva en materia de agricultura e gandería, non é de recibo que unha norma estatal regule tal grao de detalle, como cando obriga a que as rotacións teñan como mínimo un ciclo de tres anos en secaño e dous en regadío. Para a maioría das explotacións agrícolas de secaño de España hai que pensar coidadosamente se poden asumir as novas obrigacións que expón o proxecto, tanto por custo económico como por capacitación e idade de gran parte dos agricultores.

Por todo iso, esperamos que de ningunha maneira se aprobe o devandito RD, pois crearía unha situación caótica, tanto a nivel técnico para as explotacións, como no que se refire á inseguridade xurídica para os administrados ou no que respecta á distribución competencial entre o Estado e as comunidades autónomas.

Máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Seguirán apostando polas prórrogas?

A normativa catalá, materializada no Decreto 153/2019, de xestión da fertilización do chan e das dexeccións gandeiras, seguiu a súa propia axenda, adaptada á nosa realidade social, económica e ambiental. Hai que lembrar que os xurros son os principais responsables das emisións atmosféricas de amoníaco en Europa Occidental e outras partes do mundo. O amoníaco na atmosfera é un contaminante que hai que reducir si ou si.

Desde o 21 de febreiro quedan definitivamente prohibidas en Cataluña as aplicacións de xurros con sistemas de prato ou abano. Nos últimos dous anos xa se foron prohibindo nunha serie de situacións, pero a partir do mes de febreiro afecta xa á totalidade das situacións. Non hai que esquecer que a aplicación con abano ou prato dá lugar a unha serie de inconvenientes moi importantes: potencia excesivamente a emisión de amoníaco e malos cheiros, incrementa o risco sanitario por deriva dos aerosois, e, se nos centramos nun punto de vista exclusivamente agronómico, dá lugar a unha distribución dos xurros moi pouco homoxénea sobre o terreo, quedando bandas de cultivo infra-fertilizadas xunto a outras sobre-fertilizadas. De xeito evidente, é unha técnica de aplicación que non só non pode formar parte do futuro, senón tampouco xa do presente.

Non cre necesarias outras tipos de medidas para que o sector se adapte o antes posible aos sistemas que se esixirán nun futuro próximo?

Neste sentido, estamos totalmente a favor de axudar ao sector a adaptarse e son necesarias as iniciativas estatais que se plasmaron no plan RENOVE. Cremos que hai que repetilas, reforzando algúns aspectos: maior dotación económica e maior intensidade da axuda. En paralelo ao plan RENOVE, desde Cataluña, no marco do programa de desenvolvemento rural, tamén se incentivaron axudas para fomentar a viabilidade das explotacións agrarias promovendo un desenvolvemento máis sostible, coas que se facilitou a incorporación de novas tecnoloxías no sector, que supoñen unha redución das emisións de amoníaco, e unha aplicación máis eficiente das dexeccións gandeiras. Ademais, en Cataluña, por mor da entrada en vigor do Decreto 153/2019, de xestión da fertilización do solo

e das dexeccións gandeiras, as explotacións están obrigadas a dispoñer de sistemas que permitan coñecer a concentración de nutrientes e un bo axuste da dose de xurros. Para facilitar a adaptación das explotacións, durante os dous últimos anos habilitáronse axudas específicas para que os gandeiros puidesen adquirir e instalar estes equipos nas súas cisternas de aplicación.

Que opina de que esta normativa sexa unha lei única para todo o territorio nacional e non logre ter en conta as condicións orográficas ou meteorolóxicas de cada rexión?

O feito de que sexa unha norma única para todo o territorio estatal ten dous inconvenientes gravísimos. O primeiro ten que ver coa mesma articulación territorial e de competencia do Estado. Se o Goberno estatal respectase, como está obrigado, o marco competencial vixente, nin tan sequera tería lanzado esta proposta. Invádense de maneira intolerable as competencias en agricultura, medio ambiente e augas recoñecidas en moitas CC. AA. (seguramente en todas) a través dos seus estatutos de autonomía. O segundo inconveniente é técnico. É tal a diversidade española de sistemas de cultivo, de condicións edafoclimáticas, de realidades socioeconómicas e de presións ambientais, que iso levaría a ter que realizar un auténtico mega real decreto con infinidade de anexos. Sería un monstro: lentísimo de elaborar e acordar, lentísimo de readaptar.

Tampouco diferencia entre os tipos de gandería intensiva e non se pode comparar a realidade do vacún leiteiro, con superficie agraria dispoñible para a aplicación dos xurros como fertilizantes, coa realidade doutro tipo de ganderías intensivas que non practican ningún tipo de agricultura. Como defenderá esta disxuntiva?

As observacións presentadas xa teñen en conta este feito. Este real decreto débese limitar aos aspectos mínimos e básicos, deixando que as CC. AA. na súa normativa cubran estas especificidades. ▶▶



**CAIXA RURAL
GALEGA**

A nosa Caixa
www.caixaruralgalega.gal



Pida cita a su concesionario
autorizado CLAAS

Revisión poscampaña CLAAS.

El final de ésta cosecha es solo el comienzo de la siguiente. Fieles a este lema, le ofrecemos con la revisión poscampaña CLAAS un servicio con el que el estado técnico de su máquina es analizado en detalle inmediatamente después de la campaña. Pequeños daños, fallos o desgaste pueden tener un efecto extremo durante la próxima campaña. Esto es algo que debe ser evitado a toda costa. Lo que sea necesario. CLAAS Service&Parts

claas.es

CLAAS



ALEJANDRO CALVO

Conseilleiro de Medio Rural e Cohesión Territorial do Principado de Asturias



► “A NOSA POSICIÓN É CLARA PARA FORTALECER O MODELO DE EXPLOTACIÓN FAMILIAR”

Cales son os pasos máis inmediatos que contan dar neste período transitorio cara á nova PAC?

Asegurar o financiamento para 2021 e que non houbese ningún tipo de incerteza era o máis importante, e conseguíuse. Dispomos de suficientes recursos para manter o nivel de financiamento que viñamos tendo durante todo o período. Ademais, a modificación do plan de desenvolvemento rural que realizamos o ano pasado permitiunos crecer este ano e o próximo. É un modelo ao que lle queremos dar continuidade a partir de 2023 e que supón poder dar máis axudas asociadas ao noso modelo de produción. Non só garante os pagos directos senón que as axudas complementarias vaian precisamente á alta montaña, á produción en espazos naturais protexidos, á produción en ecolóxico..., é dicir, a aqueles proxectos que definen o modelo de explotación familiar de Asturias e da cornixa cantábrica.

Este ano o Ministerio e as CC. AA. deberán asentar as bases do Plan Estratéxico da PAC no que todas as administracións valoren os intereses de cada territorio e se poida chegar a un grande acordo. Cales serán os piares que defenderá para o sector lácteo asturiano?

As catro comunidades da cornixa cantábrica –País Vasco, Cantabria,

Galicia e Asturias– fixamos un documento de posición conxunta no que defendemos que no plan estratéxico se integren as nosas propostas, o noso carácter diferencial. Entendemos que a nosa posición é clara para fortalecer o modelo de explotación familiar, así como a figura do agricultor xenuíno, que vive e traballa no medio rural, e ese modelo tamén nos debe servir para o sector lácteo, que é realmente o que máis nos preocupa. Nós reclamamos que haxa unha proposta estratéxica sectorial para a produción de leite na cornixa cantábrica. Por unha banda, temos que ver cales son as posibilidades de manter as axudas que temos actualmente e, por outra, que as axudas complementarias, vía ecoesquemas, establezan ecoesquemas específicos para o noso sector lácteo, que permitan que non se perda ningún recurso dispoñible. As catro comunidades estamos a traballar para ter ecoesquemas comúns e varios deles van ir destinados ao noso sector lácteo.

Fálase dunha PAC máis “verde”, de ecoesquemas... En que consistirá esta nova liña de financiamento?

Desde a nosa perspectiva, as medidas complementarias que se expoñen a través de ecoesquemas teñen que ir destinadas a recoñecer modelos de produción, non a ser limitacións ao modelo.

Camiñar cara a sistemas máis sostibles de produción require ter dispoñibilidade de base territorial, temas que lle preocupan ao gandeiro para cumprir coas esixencias da PAC. Que políticas están levando a cabo en Asturias para darlle solución a esta problemática?

Unha das grandes liñas de traballo da Consellería, que o vén sendo desde hai moito tempo, son as concentracións parcelarias públicas e ademais tamén se está traballando en modelos de xestión onde a Administración facilite a mobilidade de terras no ámbito privado e mesmo público-privado. Ademais, unha das prioridades desta lexislatura é avanzar na creación dun banco de explotacións, que permita mobilizar os recursos de explotacións que deixan a súa actividade para as persoas que se incorporan ou para aquelas en actividade que teñen necesidade de máis base territorial. Tamén temos que poder reorganizar, porque as nosas explotacións teñen distintos usos, xestionan de maneira integral o territorio, teñen horta, teñen forraxe e tamén superficie forestal. Debemos ordenar todo isto adecuadamente para que o uso sexa o máis rendible en cada caso.

Tamén está por precisar a definición de agricultor xenuíno. Axudará esta figura a fomentar que a superficie agraria se dedique realmente á produción de alimentos e que esta actividade xere empregos e fixe poboación no rural?

A PAC é unha política fundamentalmente sectorial, que ten que axudar a que os agricultores e gandeiros poidan seguir producindo alimentos de maneira estratéxica, con base nos recursos que temos no territorio. Nós entendemos que, para que haxa actividade e para que esa produción vaia cara a un modelo de maior integración co territorio, é moi importante que se bonifique, se priorice, a xente que xa está, é dicir, a xente que vive e traballa no medio rural, fronte a modelos máis empresariais que externalizan o traballo ou que mesmo non teñen unha presenza física no territorio. Aí hai unha diferenciación clara entre o modelo do norte e o doutras zonas de España. Defendemos o noso modelo de explotacións familiares, que está máis aliñado cos obxectivos da Unión Europea, pero

sen esquecer que do que se trata é de dar unhas condicións adecuadas para producir alimentos sans, saudables e dunha maneira estratéxica no noso territorio.

A futura PAC incluírá requisitos de benestar animal. Pode adiantar como serán estas esixencias?

Os requisitos de benestar animal que se expoñen agora teñen que ver coa limitación a desenvolvementos de modelos de produción intensivos ou mesmo ultraintensivos, como poden ser as macrogranxas. En Asturias, nin sequera legalmente poden desenvolverse. Non os entendemos como modelo porque están moi lonxe da nosa realidade.

Outro dos grandes bloques da PAC é a dixitalización. Como beneficiará esta parte especialmente os gandeiros de vacún de leite?

O sector lácteo é un sector moi avan-

zado a nivel de innovación e tamén en canto á súa dixitalización. O que temos é que dotar os gandeiros de ferramentas que lles permitan xestionar mellor, que poidan ver onde están os seus factores de competitividade e rendibilidade e para iso a dixitalización vai ser moi importante, non só en canto a mellorar a mecanización senón, sobre todo, á hora de tomar as mellores decisións produtivas que lles permitan ser máis rendibles.

Tamén se fala do traspaso xeracional e dun enfoque de xénero. Como abordará estes dous aspectos a nova PAC?

Hai unha discriminación positiva transversal cara ás mulleres en todas as liñas de axuda, que, ademais de ser xusta, tamén reconece unha realidade. O peso das mulleres no medio rural é crecente e, sobre todo, éo na incorporación en gandería e nalgúns sectores da agricultura. ►►

► “A DIXITALIZACIÓN VAI SER MOI IMPORTANTE SOBRE TODO Á HORA DE TOMAR AS MELLORES DECISIONS QUE PERMITAN SER MÁIS RENDIBLES”

ACTIVA TU ESCUDO

Descubre #LaDiferenciaDEKALB
Más información en dekalb.es

ACCELERON[®]
SEED APPLIED SOLUTIONS



ACCELERON[®], TECNOLOGÍA ELEVADA A SU ENÉSIMA POTENCIA PARA BLINDAR TU MAÍZ.



SOBRE A XESTIÓN DE XURROS

“Temos que garantir que os gandeiros teñan alternativas de xestión dos residuos, da súa valorización; traballaremos para que haxa unha transición”

A sustentabilidade ambiental é un dos grandes retos que se marca a nova PAC e neste apartado xoga un papel importante a xestión das dexestións gandeiras. Que alegacións á norma se presentaron e cando contan que se aprobe definitivamente o decreto estatal sobre nutrición dos solos agrarios?

Sempre dixemos que Asturias e os seus sectores agrícolas e gandeiros, con carácter xeral, non son un problema en canto ás súas emisións nin aos residuos que teñen as súas explotacións, pero, puntualmente, temos zonas nas que hai cuestións que resolver, sobre todo naquelas con máis intensidade de produción de leite.

As nosas alegacións centráronse naquelas cuestións que, con carácter xeral, aparecían no borrador de decreto e que encaixan con dificultade co modelo de explotación familiar asturiano e coa nosa xeografía, para que poidan ser corrixidos. Acordámolas e enviámolas en outubro. Despois prorrogouse ese período de alegacións, co que

tampouco hai un prazo efectivo para a posta en marcha deste decreto. Confiamos en que se van atender as nosas alegacións, que principalmente teñen que ver co uso de determinados dispositivos, o manexo de residuos sólidos, o uso de sistemas de abano ou a incorporación ao terreo.

O que lle pedimos ao Ministerio é que esas especificidades poidan territorializarse, que o decreto nacional se desenvolva a nivel de comunidade autónoma, a través dunha resolución na que nós poidamos adaptar a súa aplicación ás peculiaridades do noso territorio, e en gran medida haxa unha transición para que a xente que actualmente dispón duns materiais para a xestión dos residuos poida seguir utilizándoos e manexándoos dunha maneira similar a como vén facéndoo ata o de agora.

Máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Seguirán apostando polas prórrogas?

Como xa sinaléi, ten que haber unha transición porque non vai ser rendible implementar determinados sistemas de inxección en función do tamaño da explotación. Temos que garantir que eses agricultores e gandeiros teñan outras alternativas de xestión dos residuos, da súa valorización; polo tanto, traballaremos para que haxa unha transición, se chegase o caso.

Non cre necesarias outro tipo de medidas para que o sector se adapte canto antes aos sistemas que se esixirán nun futuro próximo?

Cremos que ten que haber axudas e, como sinaléi, un período de transición.

Que opina de que esta normativa sexa unha lei única para todo o territorio nacional e non logre ter en conta as condicións orográficas ou meteorolóxicas de cada rexión?

O que pedimos é que nos deixen desenvolver por comunidades unha resolución específica de aplicación anual en base a todas as peculiaridades de cada unha das comunidades.

Tampouco diferencia entre os tipos de gandería intensiva e non se pode comparar a realidade do vacún leiteiro, con superficie agraria dispoñible para a aplicación dos xurros como fertilizantes, coa realidade doutro tipo de ganderías intensivas que non practican ningún tipo de agricultura. Como defenderá esta disxuntiva?

Como dixen anteriormente, o que se poida valorizar e usar dentro da explotación hai que utilizalo.

O pasado 1 de febreiro iniciouse o prazo de solicitude das axudas para 2021. Neste período transitorio, como vai ter garantido o gandeiro o proceso de xestión e de cobro? Pode haber algún tipo de cambio na cantidade das axudas?

As garantías son as mesmas. Cada ano hai que adaptar a convocatoria ao regulamento nacional que as regula e neste caso, dentro do período de transición, as novidades van ser en positivo porque incorporamos case 30 millóns máis de euros ao financiamento da Política Agraria Común en Asturias. En gran medida, case 15 millóns, irán aos pagos agroambientais e directamente á indemnizatoria de montaña, a razas autóctonas, ás axudas para produción en espazos naturais. Varíanse os módulos de axuda e, por tanto, cando agricultores e gandeiros fagan a súa simulación apareceránlles de maneira direc-

ta. Espero que sexan ben recibidas porque vai ser unha moi boa noticia para eles.

Afectarán o *brexit* e a pandemia provocada pola COVID-19 na repartición de fondos europeos e poderase ver a PAC alterada?

Iso xa se resolveu. A dúbida que había era cal ía ser o recorte. O que se logrou na negociación é que se mantivesen os fondos, similares aos que houbera no anterior período, polo que esa incerteza desapareceu coa aprobación do marco financeiro o ano pasado.

Unha reflexión para rematar. O sector produtor, gandeiro e agrario, demostrou neste último ano a súa relevancia para o país e abasteceu a sociedade de alimentos nos momentos máis difíciles, mesmo cando todos puidemos recoñecer a dependencia exterior que temos

para outro tipo de necesidades. Non cre que á hora de legislar este tipo de asuntos tan importantes para os gandeiros e agricultores, como a PAC ou o decreto dos xurros, entre outros, seguen sen consultarlles directamente as súas demandas?

O recoñecemento a que o sector agrícola e gandeiro é estratéxico e prioritario é evidente. Nesta crise o que se puxo de manifesto é a importancia de producir alimentos en todos os territorios, que é algo que non se pode delegar. Un exemplo claro é que a única política estratéxica a nivel comunitario que hai é a Política Agraria Común, porque se entende precisamente que é unha actividade estratéxica, que en Asturias fai chegar 150 millóns ao ano. Nós traballamos coas organizacións de produtores, tivemos en conta as súas demandas e necesidades e acordamos con elas as alegacións que presentamos ao decreto. ►►


Anticipa tu PAC

Toda nuestra experiencia, es tuya

En el Santander llevamos más de 30 años ayudando a ganaderos y agricultores. Nuestros especialistas te ayudarán a gestionar, de forma fácil y rápida, tu anticipo de la PAC.

Porque en el Santander, todo lo que sabemos, lo ponemos a tu servicio.

Anticipa tu PAC¹ y consigue una suscripción al **cuaderno de campo digital**² solo por anticipar un mínimo de 2.500€, para una agricultura **más sostenible y digital**.



1. Operación sujeta a previa aprobación por parte del banco. Consulta condiciones en tu oficina o en bancosantander.es

2. Oferta válida hasta el 31.12.2021, una suscripción por cada NIF/CIF. Suscripción válida hasta 30.04.22. La promoción no incluye retribución en efectivo. Retribución en especie a efectos fiscales y sujeta a ingreso a cuenta según normativa fiscal vigente.



ROBERTO BLASCO OTERO

Responsable de Negocio Agroalimentario do Banco Santander. Territorial de Galicia

En vídeo



“É de **grande axuda para o sector** nestes momentos **poder dispoñer do anticipo da PAC** onde, como e cando queiran”

Cales foron as accións no sector agro en Galicia para facer fronte ás necesidades de liquidez e circulante de agricultores e gandeiros?

Santander leva décadas apoiando o sector agro e durante esta crise afañouse en axudar a agricultores, gandeiros, produtores e empresas de subministración. No 2020 Santander financiou o sector agroalimentario galego con 383 millóns de euros, o que supón un 43 % máis que o ano anterior. De todo este financiamento, 155 millóns son créditos con aval do ICO, mentres que o resto é financiamento do banco concedido mediante os seus propios créditos destinados a pemes e autónomos.

Neste novo contexto socioeconómico, en que diría que pode axudar o sector financeiro na mellora do rendemento dunha gandería?

A dixitalización no agro é clave. Santander foi o primeiro banco en lanzar unha *app* orientada ao sector agroalimentario onde, ademais de dar noticias do sector, ten acceso a lonxas, cotización das materias primas, axudas que poden beneficiar aos agricultores ou gandeiros... Ofrece tamén acceso directo á banca electrónica e a produtos e servizos do Banco Santander para clientes Agro.

Así mesmo, en 2020 o banco reforzou a súa aposta pola dixitalización do sector co lanzamento dunha liña de financiamento I+D+I para axudar á transformación dixital das explotacións agrícolas e gandeiras. Desta forma obtense un maior rendemento e optimízanse os custos e este ano, como xa fixemos no pasado, ofrecemos a contratación do anticipo da PAC por canles dixitais, algo que axuda moito porque en só tres clics os nosos clientes teñen aboado o diñeiro na súa conta.

De cara á nova campaña PAC 2021, que novidade ofrece Banco Santander e cal é a oferta de valor que destacaría para este ano?

Poñemos a disposición dos nosos clientes, de maneira totalmente gratuíta, un equipo de enxeñeiros técnicos agrícolas especializados na tramitación da PAC para que todos os agricultores e gandeiros poidan recibir o mellor asesoramento. Entendemos que para o sector é moi importante poder dispoñer dos fondos dende o primeiro momento para que poidan planificar as colleitas; por iso, dende o inicio da campaña, ofrecemos a posibilidade de facer o anticipo das axudas en condicións moi vantaxosas.

Ademais, este ano, todos os clientes que anticipen a PAC por un importe igual ou superior a 2.500 € obterán de forma gratuíta a subscripción á plataforma do caderno de campo dixital, un servizo moi importante, porque lles permitirá realizar unha agricultura máis sustentable e dixital.

En 2020 puxeron en marcha unha serie de medidas para que gandeiros e agricultores poidan facer fronte aos problemas derivados da actual pandemia. Que novidades teñen para 2021?

No Banco Santander continuamos apoiando o sector agro e en 2021 seguimos dando solucións que complementen a nosa oferta financeira e axuden a mellorar a eficiencia dos nosos agricultores. Por iso acabamos de lanzar o seguro integral para empresas agropecuarias, que dá coberturas específicas para o sector agro, tales como instalacións, gando, maquinaria e vivendas dentro da explotación.

Como comentaba antes, o ano pasado tamén ofreceron por primeira vez a posibilidade de solicitar o anticipo da PAC vía dixital. Cales foron os motivos que os levaron a dar este paso?

Traballamos para darlles as mellores solucións aos nosos clientes e consideramos que é de grande axuda para o sector, nestes momentos nos que a mobilidade é limitada, poder dispoñer do anticipo da PAC onde, como e cando queiran. Con nós poden facelo con rapidez e dende calquera das nosas canles dixitais.

Como responderon os clientes a esta nova posibilidade?

Para os nosos clientes supón un mellor servizo e atención, xa que de maneira áxil e sinxela reciben o aboamento do anticipo da PAC na súa conta.

EXPERIENCIA, ESPECIALIZACIÓN E SOPORTE



**SEGUNDO FRANCISCO
CREO FERNÁNDEZ**

Técnico PAC do Banco Santander

“Contamos cun equipo de **enxeñeiros técnicos agrícolas especializados na PAC**”

Que novidades traerá consigo a nova PAC?

A PAC trae novos cambios, nos que a ecoloxía gozará de grande importancia. Camíñase cara a unha agricultura sustentable coa que a UE pretende incentivar os agricultores e gandeiros promovendo modelos agrarios máis sustentables. Trátase de axudalos a introducir cambios nas súas explotacións que permitan avanzar na loita contra os efectos do cambio climático e fomenten a biodiversidade e a eficiencia enerxética.

Por que recomendaría domiciliar a PAC na súa entidade?

Porque en Santander contamos cun equipo de enxeñeiros técnicos agrícolas especializados na PAC, con ampla experiencia e que ofrecen un servizo de asesoramento totalmente gratuíta. Isto complementase cunha oferta financeira na que, ademais, este ano, se o cliente realiza o anticipo da PAC por un importe igual ou superior a 2.500 euros, lle regalamos a subscripción ao caderno de campo dixital.

GUILLERMO BLANCO

Conselleiro de Desenvolvemento Rural, Gandería, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de Cantabria



► “NON PODE SER QUE SE SIGAN MANTENDO OS MESMOS NIVEIS DE DESIGUALDADE ENTRE BENEFICIARIOS, CO 80 % DOS FONDOS NO 20 % DAS EXPLOTACIÓNS”

Cales son os pasos máis inmediatos que contan dar neste período transitorio cara á nova PAC?

Eu non o chamaría transición. A efectos prácticos os regulamentos comunitarios prorrogaron a PAC 2014-2020 dous anos máis con fondos do novo marco financeiro plurianual. Nestes momentos, un dos pasos máis importantes que debemos dar é o da modificación do noso PDR para adecualo, tanto financeiramente como en cuestión de cumprimento de fitos, indicadores e marco de rendemento, a esa prórroga de dous anos.

Ao tempo, seguimos traballando en colaboración co Ministerio e co resto das comunidades autónomas para lograr que o Plan Estratégico de España para a futura PAC atenda as necesidades de Cantabria e recolla as peculiaridades dos nosos sistemas produtivos, principalmente gandeiros, baseados en explotacións familiares e situados en zonas con limitacións naturais. Nese sentido, adoptamos unha posición conxunta co resto das autonomías da cornixa cantábrica.

Este ano o Ministerio e as CC. AA. deberán asentarse as bases do Plan Estratégico da PAC no que todas as administracións valoren os intereses de cada territorio e se poida chegar a un grande acordo. Cales serán os piares que defenderá para o sector lácteo cántabro?

Os piares que defendemos son os dos sistemas tradicionais, de explotacións familiares, que son as que asentaron a poboación no territorio. Defendemos o agricultor xenuíno, entendendo como tal o que vive da agricultura ou da gandería. En consideración ao pequeno tamaño das nosas explotacións e a súa base familiar, defendemos límites máximos ás axudas de maior progresividade. Non pode ser que se sigan mantendo os mesmos niveis de desigualdade entre beneficiarios, co 80 % dos fondos acabando no 20 % das explotacións. A desigualdade, identificada como un dos grandes problemas do noso tempo, tamén afecta ao medio rural, e a PAC, como instrumento de estabilización das rendas agrarias, debe contribuír a paliar. Propomos

que o pago redistributivo repercuta as explotacións familiares máis pequenas que axudan a fixar poboación no territorio, pero sempre que se trate de agricultores profesionais e que a distribución dese pago non se acoute ao territorio que libere eses fondos, senón que repercuta en todo o sistema. Por suposto defendemos que se sosteñan os pagos asociados e que se manteñan, polo menos, nos niveis da actual PAC, os pagos asociados á gandería, por suposto os asociados á vaca de leite.

Fálase dunha PAC máis “verde”, de ecoesquemas... En que consistirá esta nova liña de financiamento?

O Ministerio propúxonos unha carta de liñas de axuda de ecoesquemas coa que se trata de chegar a todos os produtores, é dicir, que todos teñan acceso polo menos a un ecoesquema. Trátase de pagos dirixidos a prácticas beneficiosas co medio ambiente que vaian máis aló das esixencias regulamentarias. Entre esa carta, a que quizais se podería adaptar mellor aos sistemas gandeiros sexa a do apoio á gandería extensiva. Con todo, nós, do mesmo xeito que o resto das comunidades da cornixa, atopamos desproporcionada a oferta dirixida aos agricultores fronte á dirixida aos gandeiros e, especialmente, botamos en falta un ecoesquema ao que puidesen acceder a maioría das explotacións de leite da cornixa cantábrica.

Camiñar cara a sistemas máis sostibles de produción require ter dispoñibilidade de base territorial, temas que lle preocupan ao gandeiro para cumprir coas esixencias da PAC. Que políticas están a levar a cabo en Cantabria para darlle solución a esta problemática?

En Cantabria os pastos comunais supoñen unha importante porcentaxe de superficie dedicada á actividade agraria e o mantemento deses pastos é un obxectivo fundamental para a miña Consellería, que tratamos de alcanzar ben a través de medidas do noso programa de desenvolvemento rural ben con actuacións dirixidas desde a Dirección Xeral de Biodiversidade, Medio Ambiente e Cambio Climático, como a da aplicación de queimas prescritas.

Tamén está por precisar a definición de agricultor xenuíno. Axudará esta figura a fomentar que a superficie agraria se dedique realmente á produción de alimentos e que esta actividade xere empregos e fixar poboación no rural?

Estamos convencidos da preferencia que a nova PAC debe outorgar ao sector profesional, pola súa dependencia e maior exposición aos riscos (volatilidade dos mercados, riscos climáticos etc.). En Cantabria, entendemos que facilitar o traspaso xeracional, nun contexto de redución xeral do orzamento da PAC, debe conducir a centrar as axudas do primeiro pilar nun agricultor xenuíno entendido só como agricultor profesional. Parécenos correcta a definición desa figura en base a unha porcentaxe mínima de ingresos agrarios sobre os ingresos totais, aínda que como complemento consideramos necesario que tamén se inclúan no concepto as persoas afiliadas á Segu-

ridade Social como traballadores por conta propia no sector agrario, aínda que non alcancen aquela porcentaxe mínima de ingresos agrarios.

A futura PAC incluírá requisitos de benestar animal. Pode adiantar como serán estas esixencias?

En Cantabria entendémolas desde varios puntos de vista que permitirán deseñar diferentes estratexias. En primeiro lugar, as estratexias orientadas ao pastoreo e, en segundo lugar, as estratexias orientadas á calidade e hixiene na produción, que responderían as esixencias recollidas na estratexia da Granxa á Mesa e pasan pola diminución do uso de antimicrobianos.

Outro dos grandes bloques da PAC é a dixitalización. Como beneficiará esta parte especialmente os gandeiros de vacún de leite?

Para nós o fundamental é conseguir facer chegar a banda ancha a todos os recunchos de Cantabria, non só

▶ **“BOTAMOS EN FALTA UN ECOESQUEMA AO QUE PUIDESEN ACCEDER A MAIORÍA DAS EXPLOTACIÓNS DE LEITE DA CORNIXA CANTÁBRICA”**

como apoio aos gandeiros da nosa rexión senón como ferramenta de loita contra o despoboamento. A dixitalización do sector só pode redundar na optimización dos procesos produtivos, na mellora da calidade de vida dos gandeiros e na obtención de mellores resultados económicos. Xa na actual PAC priorizamos os proxectos de investimento innovadores que teñan en conta a dixitalización das explotacións. ▶▶

AUMENTE EL RENDIMIENTO DE SU COSECHA CON NUESTRAS VARIETADES

SANDRO

Rentabilidad de doble aptitud

FAO
300

PREMEO

El artesian de ciclo corto

FAO
260

NOVEDAD



MaxiMaize 714

El todoterreno más sano del mercado



www.koipesolsemillas.es

Koipesol *Expertos en semillas*

SOBRE A XESTIÓN DE XURROS

“Apostamos por flexibilizar o real decreto, que permita excepcións e que sexamos as CC. AA. as que as poidamos regular como coñecedoras do territorio e dos nosos sistemas produtivos”

A sostibilidade ambiental é un dos grandes retos que se marca a nova PAC e neste apartado xoga un papel importante a xestión das dexeccións gandeiras. Que alegacións á norma se presentaron e cando contan que se aprobe definitivamente o decreto estatal sobre nutrición dos chans agrarios?

Nós apostamos por flexibilizar o real decreto, de tal maneira que permita a incorporación de excepcións e que sexamos as comunidades autónomas as que as poidamos regular como coñecedoras do territorio e dos nosos sistemas produtivos. As alegacións ao texto foron numerosas, especial-

mente desde a cornixa cantábrica, esperemos que o Ministerio non se precipite na aprobación e estude e acepte as alegacións recibidas.

Máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Seguirán apostando polas prórrogas?

Nós non apostamos por ningunha prórroga. En Cantabria realizouse un estudo sobre estrutura de explotacións e pendentes e establecéronse excepcións en base a iso.

Non cre necesarias outro tipo de medidas para que o sector se adapte canto antes aos sistemas que se esixirán nun futuro próximo?

Efectivamente este problema débese tratar desde diferentes enfoques, ademais distintos en función dos tipos de explotación ou comarcas: enfoques individuais de valorización de excedentes ou enfoques comunitarios, establecemento de sistemas de recollida ou sistemas mancomunados de aplicación etc.

Que opina de que esta normativa sexa unha lei única para todo o territorio nacional e non logre ter en conta as condicións orográficas ou meteorolóxicas de cada rexión?

A nosa opinión está claramente aliñada coa defensa das peculiaridades climáticas e orográficas da España húmida, e así llo fixemos chegar ao Ministerio.

Tampouco diferencia entre os tipos de gandería intensiva e non se pode comparar a realidade do vacún leiteiro, con superficie agraria dispoñible para a aplicación dos xurros como fertilizantes, coa realidade doutro tipo de ganderías intensivas que non practican ningún tipo de agricultura. Como defenderá esta disxuntiva?

Como xa lle dixen, defendendo as competencias das CC. AA. e esixindo a aplicación de excepcións.

Tamén se fala do traspaso xeracional e dun enfoque de xénero. Como abordará estes dous aspectos a nova PAC?

Cremos que a incorporación da mocidade debe ser unha medida prioritaria no futuro Plan Estratéxico e deben buscarse os mecanismos para reforzar a incorporación da muller ás empresas agrícolas. De momento, contamos coas ferramentas da titularidade compartida ou dos criterios de valoración nas medidas de desenvolvemento rural, pero é necesario realizar os esforzos necesarios para atopar fórmulas que nos permitan impulsar ese necesario acceso da muller ao campo e fomentar a súa participación nos órganos de decisión das entidades xurídicas e das organizacións profesionais.

O 1 de febreiro iniciouse o prazo de solicitude das axudas para 2021. Neste período transitorio, como vai ter garantido o gandeiro o proceso de xestión e de cobro? Pode haber algún tipo de cambio na cantidade das axudas?

En relación coas axudas directas non cremos que vaia producirse ningún cambio. No referente ás axudas de desenvolvemento rural temos que

modificar o noso PDR para poder adaptalo á prórroga de dous anos, xunto co cadro financeiro correspondente. O risco que podemos correr son os posibles atrasos da Unión Europea na súa aprobación, pero esperemos que as decisións sexan rápidas e poidamos contar con eses fondos canto antes.

Afectarán o brexit e a pandemia provocada pola COVID-19 na repartición de fondos europeos e poderase ver a PAC alterada?

O marco financeiro plurianual xa está pechado, como ben saben, e nese acordo xa se tiveron en consideración estas cuestións. Non creo que poidamos ir cara atrás desde o pactado a finais do ano pasado.

Unha reflexión para rematar. O sector produtor, gandeiro e agrario, demostrou neste último ano a súa relevancia para o país e abastecer a sociedade de alimentos nos momentos máis difíciles, mesmo cando todos puidemos recoñecer a dependencia exterior que temos para outro tipo de necesidades. Non cre que á hora de legislar este tipo de asuntos tan importantes para os gandeiros e agricultores,

como a PAC ou o decreto dos xurros, entre outros, seguen sen consultarlles directamente as súas demandas?

En primeiro lugar, a relación da miña Consellería coas organizacións profesionais agrarias que teñen representación en Cantabria é permanente, continua e de gran lealdade en ambas as direccións. Son escoitadas en todos os ámbitos de traballo da miña Consellería, en algo tan importante como na elaboración de novas normas e, por suposto, no desenvolvemento dos traballos para a futura PAC. Máis aínda, cónstame que son tamén escoitadas nos traballos que respecto diso está a desenvolver o Ministerio. Chegar a todos os gandeiros un por un e recoller cada demanda é moi difícil, pero para iso están estas organizacións profesionais, as cooperativas e as asociacións de produtores coas que en Cantabria, insisto, mantemos un diálogo fluído e continuado. ►►



ADOP

Patrocinador
do Equipo
Paralímpico

#PAC21

ActitudeAgro

Contigo para tramitarche

e anticiparche a PAC

En AgroBank compartimos contigo un xeito de traballar baseado no esforzo e a dedicación, pero, no noso caso, pensando en facerche a vida máis doada. Por iso, tramitamos a PAC por ti e anticipámosche as axudas cando o necesites e, mesmo, como novidade, poderás solicitar o anticipo ao instante, dende onde esteas, a través de CaixaBankNow.

Ademais, ofrecémosche¹ un práctico termo con cuncas ao domiciliar a PAC.

AgroBank, contigo para seguir crecendo

@AgroBank_CABK | www.CaixaBank.es/agrobank

40.000 unidades



AgroBank

ARANTXA TAPIA

Conseleira de Desenvolvemento Económico, Sostibilidade e Medio Ambiente do Goberno Vasco



► “DESDE O PAÍS VASCO TRABÁLLASE, EN PRIMEIRO LUGAR, NA DEFENSA DO SOLO AGROLÓXICO ANTE A FORTE PRESIÓN DE USOS URBANÍSTICOS E INDUSTRIAIS”

Cales son os pasos máis inmediatos que contan dar neste período transitorio cara á nova PAC?

Durante 2021 e 2022 entran en vigor os regulamentos de transición da PAC, recentemente aprobados, que aseguran a continuidade das medidas e axudas en vigor, así como os actuais montantes financeiros, en Euskadi uns 64 millóns de euros/ano de financiamento UE. En paralelo estase a traballar, tanto no ámbito estatal como na nosa comunidade autónoma, no deseño do Plan Estratéxico que articulará a nova PAC a partir de 2023.

Este ano o Ministerio e as CC. AA. deberán asentarse nas bases do Plan Estratéxico da PAC no que todas as administracións valoren os intereses de cada territorio e se poida chegar a un grande acordo. Cales serán os piares que defenderá para o sector lácteo vasco?

Nestes momentos estase en pleno proceso de discusión e deseño, inter-institucional e cos principais axentes sectoriais de cada territorio histórico, das potenciais intervencións a incluír no Plan Estratéxico. En calquera caso, as intervencións están abertas a todos os subsectores: apoio a investimentos, rexuvenecemento, transformación, indemnizacións compensatorias de montaña etc. De todas elas se beneficiará o sector lácteo vasco.

Fálase dunha PAC máis “verde”, de ecoesquemas... En que consistirá esta nova liña de financiamento?

Os ecoesquemas son unha figura fundamental da nova PAC que cubrirá algunhas prácticas agrícolas especialmente favorables á hora de contribuír á loita contra o cambio climático e a cumprir cos obxectivos do Pacto Verde Europeo. Entre as súas potenciais prácticas estarían as seguintes: prácticas de manexo integrado de pragas, agroecoloxía, plans de cría e benestar dos animais, prácticas de agrosilvicultura, agricultura de alto valor natural (HNV), cultivo de carbono, agricultura de precisión, prácticas de mellora na xestión dos nutrientes etc. Estes apoios inclúense dentro do primeiro pilar e deberán supor entre un 20 e un 30 % dos fondos do devandito pilar dentro dos plans estratéxicos.

Camiñar cara a sistemas máis sostibles de produción require ter dispoñibilidade de base territorial, temas que lle preocupan ao gandeiro para cumprir coas esixencias da PAC. Que políticas están a levar a cabo no País Vasco para darlle solución a esta problemática?

Desde o País Vasco trabállase, en primeiro lugar, na defensa do solo agrolóxico ante a forte presión de usos urbanísticos e industriais, basicamente a través do PTS agroforestal de Euskadi

e a súa imbricación en todos os procesos de ordenación territorial. En segundo lugar, estase a traballar no impulso de actuacións desde outros instrumentos xa dispoñibles (decreto de uso e fomento do solo agrario/bancos de solo agrario). Tamén se están estudando novas liñas de traballo con base en experiencias doutros lugares da UE, por exemplo a SAFER, os SCOT e PATS franceses, así como o soporte normativo necesario para a súa implantación.

Tamén está por precisar a definición de agricultor xenuíno. Axudará esta figura a fomentar que a superficie agraria se dedique realmente á produción de alimentos e que esta actividade xere empregos e fixe poboación no rural?

En principio así debería ser se a figura se orientase cara ao agricultor verdadeiramente profesional, pero non cremos que a inclusión dos pequenos agricultores nesta definición, tal e como propón o Ministerio, cambie algo a situación actual.

A futura PAC incluírá requisitos de benestar animal. Pode adiantar como serán estas esixencias?

O benestar animal está xa regulado na PAC e seguirán saíndo novas normativas, por exemplo sobre certificacións de benestar animal. No que respecta á nova PAC, o que valora para os plans estratéxicos son apoios a interven-

cións de mellora do benestar animal, ben a través da implantación de ecosistemas con esa orientación no primeiro piar ou mediante axudas para financiar o lucro cesante causado pola implantación de actuacións de mellora do benestar animal en explotacións. Desde o País Vasco está a valorarse a inclusión destas posibilidades no Plan Estratégico.

Outro dos grandes bloques da PAC é a dixitalización. Como beneficiará esta parte especialmente os gandeiros de vacún de leite?

A aposta pola dixitalización do sector produtivo vasco no seu conxunto e, a nivel global, de toda a cadea de valor alimentaria é unha aposta de lexislatura que, independentemente da PAC ou de posibles fondos Next Generation, imos apoiar decididamente desde o Departamento. Todos os subsectores se beneficiarán deste apoio e irase plasmando en diversos proxectos e procesos como a

tramitación dixital da solicitude única e das axudas, a localización de gando por GPS, os peches virtuais de explotacións sen cercas ou os procesos completos de dixitalización de granxas (automatización de alimentación, muxido, xestión de xurros etc.). Todo iso virá acompañado de cursos formativos en TIC dirixidos aos titulares de explotacións.

Tamén se fala do traspaso xeracional e dun enfoque de xénero. Como abordará estes dous aspectos a nova PAC?

O traspaso xeracional vaise dotar dun incremento na posibilidade de primas á instalación, pero ligado a maiores a esixencias formativas e de xestión empresarial da persoa nova que presente un proxecto de negocio, potenciando os proxectos con maiores expectativas de rendibilidade.

En canto ao enfoque de xénero, vai ser transversal a todas as intervencións que se deseñen dentro do Plan Estratégico.

▶ “DURANTE OS DOUS ANOS DO PERÍODO TRANSITORIO, OS PROCEDIMENTOS DE SOLICITUDE E DE XESTIÓN DAS AXUDAS NON VAN SUFRIR NINGÚN CAMBIO PARA O GANDEIRO”

O pasado 1 de febreiro iniciouse o prazo de solicitude das axudas para 2021. Neste período transitorio, como vai ter garantido o gandeiro o proceso de xestión e de cobro? Pode haber algún tipo de cambio na cantidade das axudas?

Durante os dous anos do período transitorio, os procedementos de ▶▶

Abra la puerta a la nueva generación de híbridos de maíz Syngenta.

- ✓ **SY Fuerza**
FAO 600 Artesian
- ✓ **SY Andromeda**
FAO 500 C Artesian
- ✓ **SY Bilbao**
FAO 400 (IP en Mabegondo 139) Artesian
- ✓ **SY Orpheus**
FAO 300 Artesian
- ✓ **SY Chorintos**
FAO 280 L

syngenta®

Semillas

© 2021 Syngenta. Todos los derechos reservados.™ y © son marcas comerciales del Grupo Syngenta.

solicitude e de xestión das axudas non van sufrir ningún cambio para o gandeiro. Mantéñense os procedementos vixentes.

Afectarán o *brexit* e a pandemia provocada pola COVID-19 na repartición de fondos europeos e poderase ver a PAC alterada?

As perspectivas financeiras da UE para 2021-2027 aprobáronse a finais de 2020 baixo presidencia alemá e tíñanse en conta os fondos Next Generation para paliar os efectos da pandemia nas economías dos Estados membros, do mesmo xeito que o acordo do *brexit*. Ningún destes aspectos influíu nos fondos da PAC asignados a ese período, que, en termos correntes, practicamente se manteñen para o Estado nos mesmos termos financeiros que os do período vixente.

Unha reflexión para rematar. O sector produtor, gandeiro e agrario, demostrou neste último ano a súa relevancia para o país e abasteceu a sociedade de alimentos nos momentos máis difíciles, mesmo cando todos puidemos reconecer a dependencia exterior que temos para outro tipo de necesidades. Non cre que á hora de legislar este tipo de asuntos tan importantes para os gandeiros e agricultores, como a PAC ou o decreto dos xurros, entre outros, seguen consultarlles directamente as súas demandas?

No referente ao ámbito estatal e da UE poderíase, en certo xeito, admitir. No entanto, hai que lembrar que as axudas da PAC se financian cos impostos de toda a cidadanía da UE e esta demanda unha PAC e, en xeral, unhas políticas de sustentabilidade cun maior compoñente ambiental e climático. En Euskadi, as nosas administracións, como xa comentei, están a deseñar as políticas agrarias para este novo período en sintonía e contraste cos axentes máis representativos do sector. ■

SOBRE A XESTIÓN DE XURROS

“A clave está nunha correcta economía circular que aproveite a materia orgánica xerada nas explotacións gandeiras para fertilizar os solos agrarios”

A sustentabilidade ambiental é un dos grandes retos que se marca a nova PAC e neste apartado xoga un papel importante a xestión das dexeccións gandeiras. Que alegacións á norma se presentaron e cando contan que se aprrobe definitivamente o decreto estatal sobre nutrición dos solos agrarios?

Tratábase dunha proposta de RD moi xenérica á que lle faltaba axustarse á gran diversidade do territorio global do Estado. No noso caso, fixéronse alegacións, por unha banda, a que as normativas de base deban ser autonómicas (temos xa dous códigos de boas prácticas en canto a fertilización: un en zona vulnerable e outro para zonas non vulnerables. Tamén está o Decreto 515/2009, do 22 de setembro, polo que se establecen as normas técnicas, hixiénico-sanitarias e ambientais das explotacións gandeiras. Deberían ser respectados) e, por outra, ás distancias, calendarios, mesmo listados de cultivos que non se axustan á realidade vasca. Non se ten en conta a climatoloxía vasca con elevada pluviometría, que nuns casos fai que os produtos orgánicos animais teñan maior humidade e noutros dificulta o cumprimento de prazos na realización dalgúns labores como a fertilización. Dado que o RD abría a porta á designación dos esterco e xurros como o mellor material para a recuperación da materia orgánica dos solos, propónse establecer unha priorización clara nas prácticas de fertilización de todo tipo de cultivos. Entre as alegacións, reclamamos unha mellor determinación das explotacións gandeiras que quedarían exentas do cumprimento dos requisitos descritos no borrador, ter en conta o elevado custo económico das analíticas, determinar ben a forma de cálculo dos plans de fertilización, non prexudicar a figura do almacenamento temporal ou amontoamento temporal, pensar en que o balance de emisións pode ser un parámetro importante á hora do cumprimento deste RD ou coñecer as emisións reais do noso sector gandeiro. Como se indica nun informe de IHOBE: “[...] O sector da

agricultura, gandería e pesca representa o 3,4 % das emisións de GEI do País Vasco. As emisións neste sector diminuíron un 40 % respecto a 2005 e un 36,5 % con respecto a 1990”.

Máis pronto que tarde a aplicación de xurros con sistemas de abano, prato ou canón quedará definitivamente prohibida para poder cobrar a prima verde da PAC. Seguirán apostando polas prórrogas?

Si. Hai que seguir traballando para que sexan recoñecidas as especiais condicións orográficas do noso territorio, pero non só iso, trabállase tamén na procura das mellores técnicas dispoñibles que se axusten á nosa realidade.

Non cre necesarias outro tipo de medidas para que o sector se adapte canto antes aos sistemas que se esixirán nun futuro próximo?

Desde logo hai que buscar outras alternativas e trabállase nelas.

Que opina de que esta normativa sexa unha lei única para todo o territorio nacional e non logre ter en conta as condicións orográficas ou meteorolóxicas de cada rexión?

Este é un problema moi claro da normativa, que en xeral obvia ou trata pouco a situación das zonas con parcelas pequenas e con grandes pendentes.

Tampouco diferencia entre os tipos de gandería intensiva e non se pode comparar a realidade do vacún leiteiro, con superficie agraria dispoñible para a aplicación dos xurros como fertilizantes, coa realidade doutro tipo de ganderías intensivas que non practican ningún tipo de agricultura. Como defenderá esta disxuntiva?

A maioría das explotacións gandeiras vascas non poden ser consideradas como intensivas. É certo que existe gandería con pequena base territorial, pero tamén temos agricultura con déficit de materia orgánica nos solos. En Euskadi, un estudo recente de Hazi e Neiker avalía que as necesidades de fertilización nitrogenada dos cultivos son 14 veces superiores á capacidade de produción de xurros ou esterco da gandería vasca. Ademais, o propio real decreto marca a preferencia na fertilización utilizando materia orgánica. Realmente a clave está nunha correcta economía circular que aproveite a materia orgánica xerada nas explotacións gandeiras para fertilizar os solos agrarios.